

# Como Lugrisiño se converteu en Ulises Fingal

## A lenda de San Barandán



//Fundación

Obra Social ABANCA

Imaxe de cuberta:

Urbano Lugris, *San Barandán*

ABANCA Colección de arte

Fai moooitos anos naceu na Coruña un neno chamado Lugrisiño.

Lugrisiño era un soñador... fillo dunha pianista e dun poeta. Encantáballe ler libros de historias e lendas fantásticas sobre o mar, e un dos seus personaxes favoritos era Ulises, famoso heroe grego.

O mar érao todo para Lugrisiño, lembrede que naceu na Coruña, cidade mariñeira e con moitas lendas que aconteceron nas súas costas, e onde está un dos faros máis antigos do mundo: a Torre de Hércules... Como non ía estar Lugrisiño namorado de todo o relacionado co mar e as súas lendas?

Cando ía para durmir, Lugrisiño navegaba no seu barco de papel chamado Ulises, nome que lle puxo na honra do seu heroe de aventuras mariñas.

Narrador: Nun deses soños, Lugrisiño atópase navegando polo océano Atlántico, o mesmo océano que baña as costas galegas. Mais non está só... en plena aventura dá cunha barquiña onde van catorce monxes, un deles de pé e enfrontándose ás ondas...

Lugrisiño veos e decide ir na súa axuda.

Lugrisiño: Insensatos!! Quen sodes e onde vos dirixides con esa estragada, vella e torta embarcación? Non vedes que estades a navegar polo océano Atlántico e as ondas aquí, nos días de tormenta, son moi grandes?

Narrador: O monxe que vai de pé diríxese a Lugrisiño e respóndelle:

San Barandán: Son San Barandán... e levo anos navegando por este océano, que coñezo coma a palma da miña man... Quen es ti? Nunca che vin sucando estas augas.

Lugrisiño: Son Lugrisiño e levo o barco dun lendario heroe grego, curtido en mil batallas e coñecido no mundo enteiro.

San Barandán: E que fai o barco dun heroe grego no océano Atlántico? Se a memoria non me falla as costas gregas están rodeadas polo mar Mediterráneo e o mar Exeo... A miña embarcación navega por océanos e a túa por mares.

Narrador: Lugrisiño, mentres fala San Barandán, observa que os monxes e a barca non se afunden e, ao mesmo tempo, que saben enfrontar ben as ondas. Isto quere dicir que teñen experiencia no mar...

Lugrisiño: De onde sodes?

San Barandán: Vimos de Irlanda, e levamos anos sucando estas augas na procura de illas maravillosas. Tamén nos podedes chamar Fingal, que significa na nosa lingua "tribo estranxeira", pero que saibas que nestas augas é o teu barco o estranxeiro, aínda que o teu acento é moi próximo e recoñecible.

Lugrisiño: Aínda que o meu barco leve nome de heroe grego son da Coruña. Sabes onde está?

Narrador: San Barandán comeza a rir cunha fonda gargallada:



Urbano Lugrís. *Galicia*  
ABANCA Colección de Arte

San Baradán: Ho, ho, ho, ho... Empezaras por aí! As xentes irlandesas e galegas somos curmás. Galicia e Irlanda son pobos celtas, xunto con outros, e únennos os mesmos costumes e a nosa vinculación co mar. A nosa historia está unida desde fai centos de anos.

Lugrasiño: Por iso me gusta ler tanto sobre as lendas celtas e o mar, agora enténdoo, levámolo no sangue.

Que vos parece se nos refuxiamos desta tormenta nunha illa próxima? Así poderedes descansar un pouco.

San Baradán: Paréceme unha boa idea, poderemos charlar, comer e reparar a embarcación. Levamos moitos días navegando.

Narrador: Unha vez chegan á illa, tanto os monxes coma Lugrisiño dispóñense a descansar. Pero no momento que acenden unhas fogueiras para quentarse... algo sucede, a illa comeza a moverse violentamente.... Si, si, a illa móvese!!

San Barandán: Que esta pasando?! En todos os meus anos de navegación nunca vin cousa semellante...

Lugrisiño: Axiña, ao mar de novo!! Estamos enriba dun xigantesco monstro!!

San Barandán: Que vai ser un monstro! É unha balea algo molesta, simplemente. Falarei con ela e pedirémoslle desculpas.

Lugrisiño: Es un insensato, está todo voando polo aire... Este monstro mariño está moi molesto e como non nos vaíamos rápido non poderemos seguir navegando.

Narrador: Mentres Lugrisiño e San Barandán seguen a discutir, os outros monxes xa se atopan de novo no mar, e chaman por San Barandán para que regrese canda eles, xa que sen el non saberán chegar á casa.

San Barandán: Imos!! Deixaremos a conversa porque os meus amigos necesitanme, mais que saibas que é unha balea e non un monstro, estou convencido.

Lugrisiño: Balea ou monstro, se non nos imos romperá as nosas embarcacións.



Urbano Lugrís. *Lenda mariña*  
ABANCA Colección de Arte

Narrador: Esta historia do monstro xigante ou balea quedou relatada nos escritos e converteu a San Barandán e aos seus monxes en personaxes famosos, de quen se escribirían moitas máis historias sobre as súas viaxes e descubrimentos, por iso Lugrasiño soñaba con elas, porque as lía todas.

De súpeto, Lugrisiño esperta do seu soño, nervioso pero contento á vez. Levántase e de forma apresurada busca a alguén para contarlle a súa aventura... E atópase co seu tío Urbano, o pintor, apelidado co mesmo nome de Lugrís.

Lugrisiño, todo ilusionado, cóntalle o sucedido no seu soño, ten medo de que lle esqueza a historia... mais o seu tío dálle un gran consello.

Tío: Lugrisiño, sería unha boa idea que ao espertares dos teus soños comezases a debuxalos, desta maneira, sempre os terías presentes, e quen sabe... se cadra o día de mañá convérteste nun gran pintor que deixe debuxadas esas fabulosas historias para que os demais nenos tamén poidan gozar delas e imaxinar as súas propias aventuras.

Narrador: Lugrisiño está emocionado con volver quedar durmido... a ver se volve toparse con San Barandán... e pode unirse a algunha das súas aventuras.

Lugrisiño colle de novo o seu barco de papel Ulises e empeza a sucari o océano Atlántico na busca de San Barandán.

Pasan as horas e non o atopa... Decide ir máis abaixo, navegando por toda a costa portuguesa ata chegar preto das illas Canarias... Pero nada! San Barandán non aparece! Cando xa está a piques de desistir, observa no horizonte esa barquiña chea de monxes. Cando chega onda eles, Lugrisiño pregúntalles...

Lugrisiño: Que lle pasa a San Barandán? Está a falar só.





Urbano Lugrís. *Mar de los Sargazos*  
ABANCA Colección de Arte

Monxes: Leva días así, Lugrисиño, e levamos dando voltas e voltas pola mesma zona.

Lugrисиño: Ola, San Barandán que ocorre? Pódoche axudar?

San Barandán: Ola, Lugrисиño... Pois, a verdade, espero que si, levo días observando este mapa, xa que me falaron dunha illa misteriosa, a illa Perdida. Din que existe, mais que nunca ninguén chegou ver...



Eu comentei que nós podíamos atopala, pero está a resultar moi difícil.

Narrador: Lugrисиño observa o horizonte, mira ao norte, ao leste, oeste e ao sur... mais nada, non se ve nada, só algo de néboa.

San Barandán: Algo raro pasa... hai moita gaivota por aquí, debemos estar preto de terra, mais non vexo nada.

Lugrисиño: Ai!! Algo me caeu na cabeza... unha pedriña!!

San Barandán: Será saraiba?!... Preparade o barco para a tormenta, non vaia ser.



Urbano Lugrís. *Romería*  
Colección de Arte Afundación

Lugrисиño: Noon... É terra, non saraiba!

Narrador: De súpeto, San Barandán mira cara arriba e entre a néboa divisa terra, decide afastarse un pouco para poder ver mellor que hai no ceo. De súpeto...

San Barandán: Grazas, Lugrисиño!! Mirade todos... é unha illa flotante, escondida entre a néboa, por iso ninguén conseguía dar con ela.

Narrador: Como ninguén a pisaba nunca, a illa tomou o nome de Illa de San Barandán e, desde ese día, a illa misteriosa aparece nos mapas de navegación. San Barandán e os seus monxes realizaron moitas descubertas. E sempre estaban presentes nos soños de Lugrисиño.

Narrador: Lugrasiño decide seguir os consellos do seu tío Urbano. Ademais de lle fascinaren as lendas mariñas, comeza tamén a fascinarse polo mundo da pintura. Pasan os anos... e ese neno Lugrasiño convértese no artista Urbano Lugrís, que nunca deixou de soñar coa súa terra, Galicia, e as súas lendas.

Tanto lle gustaba o mar e as lendas mariñas, que asinaba as súas obras cunha áncora, coma a dos barcos.

Tamén escribía en revistas, usando o nome de Ulises Fingal. Ulises en recordo a ese heroe grego con historias que lle encantaban; e Fingal pola relación que teñen Galicia e Irlanda e as súas aventuras con San Barandán.

Aquí nos deixa Lugrís as obras que pintou, lembrando esas aventuras con San Barandán.

Urbano Lugrís anímavos a que debuxedes as vosas propias aventuras. Podedes envalas a [areaeducativa@fundacion.org](mailto:areaeducativa@fundacion.org)

Ata a próxima...

E lembrade, nunca deixedes de soñar.



lugris

# //Afundación

Obra Social ABANCA